

MOCIÓN DE SOMOS CAMBADOS PARA CONDENAR A INVASIÓN RUSA DE UCRAÍNA

Constantino Cordal Rodríguez, concelleiro da Corporación Municipal de Cambados, ao abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal de Cambados para o seu debate e aprobación a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 24 de febreiro Rusia iniciou a invasión de Ucraína. Unha acción bélica sen ningunha xustificación que viola o dereito internacional e a integridade territorial dun Estado europeo soberano, e tamén o principio de paz humanitaria.

Esta desapiadada acción, cuxo único culpable é o Presidente da Federación Rusa, Vladimir Putin, ameaza a estabilidade de Europa e as vidas da súa cidadanía. Xa que logo, todas as persoas residentes neste continente estamos ameazados e debemos involucrarnos, na medida das nosas posibilidades, para intentar frear esta invasión.

Asemade, cremos que, nestes momentos tan difíciles para un país europeo, cómpre lembrar a existencia doutros conflitos bélicos noutros continentes, igualmente inxustificables, e amosar a nosa solidariedade con todos os pobos atacados violentamente e o noso compromiso coa paz en todo o planeta. Pois, rexeitamos todas as guerras e condenamos (e culpamos) a quen as inicie. Defenderemos sempre a paz e as vías diplomáticas para a resolución dos conflitos, e o respecto polo dereito internacional.

Por todo o anteriormente exposto, propoñemos á Corporación Municipal de Cambados a adopción no Pleno do seguinte Acordo:

1. O Concello de Cambados condena rotundamente a invasión rusa de Ucraína e manifesta a súa solidariedade co pobo ucraíno.
2. O Concello de Cambados insta ao Goberno de España e á Xunta de Galicia a ofrecer e prestar toda a axuda e o refuxio precisos para dar a necesaria resposta humanitaria a esta guerra, atendendo á cidadanía ucraína, vítima desta agresión inxustificada.

**CORDAL
RODRIGUEZ
CONSTANTINO
- 35452897F**

Firmado digitalmente
por CORDAL RODRIGUEZ
CONSTANTINO -
35452897F
Fecha: 2022.03.02
18:53:14 +01'00'

Constantino Cordal Rodríguez, concelleiro e portavoz de Somos Cambados.

Cambados, 2 de marzo de 2022.